

TEXTO Nº 1: SOS! O ÁRTICO XA É NAVEGABLE

O desxeo do Ártico, orixinado polo quecemento do clima, está a permitir o paso de barcos por unha zona até agora pechada á navegación.

As enormes dimensións do Crystal Serenity - 249,9 m. de eslora, lonxitude equivalente a unha caravana duns 60 coches- impedíronlle atracar nos portos da ruta, polo que nas escalas os turistas baixaron a terra montados en lanchas pneumáticas. O estrondo debeu aterrar a fauna daquela zona afeita ao silencio da humanidade que un barco desas dimensións pasara por alí, até entón só os crebaxeos e algúns barcos pequenos o podían facer, debido á permanente capa de xeo flotante que cubre o mar. Agora permíteo o desxeo, unha gran noticia para negocio do turismo. A navieira do Crystal Serenity volverá facer a ruta o verán de 2017.

E non é só o sector turístico que ve o desxeo como un negocio. Os estados veciños - Canadá, Dinamarca (Groenlandia), Finlandia, Islandia, Noruega, Rusia, Suecia e EE.UU. (Alaska) -, están xa a discutir polo reparto do mar, porque o Ártico parece ser rico en petróleo, gas, chumbo, ouro e diamantes, riquezas que polo xeo, non se podían explotar até agora. Ao que hai que sumar o negocio do comercio marítimo e a pesca.

Porén, a redución da extensión e o espesor da capa de xeo flotante do Ártico, ou banquisa, orixinada principalmente polo quecemento do clima, ten consecuencias moi graves para o planeta e para quen o habita, humanos, animais e plantas, porque contribúe a aumentar o quecemento, baixa a salinidade das augas mariñas e aumenta o nivel do mar. A banquisa é como un espello que reflicte a luz do Sol e arrefría, desta maneira , a temperatura da Terra; se se reduce ese "espello", a temperatura sobe. A redución da salinidade, orixinada pola masa de auga doce que o desxeo verte nos océanos, provoca veráns máis calorosos e invernos máis fríos, fenómeno que estamos a experimentar nós, aquí en Galicia, neste outono con temperaturas impropias da estación. A masa de auga eleva tamén o nivel do mar en todo planeta e non tardarán en asolagar poboacións costeira e illas.

Os simpáticos animais que seguramente os turistas retrataron cos seu móbiles dende a cuberta do Crystal Serenity, quedarán reducidos a uns poucos individuos ou mesmo se extinguirán co desxeo. Porque ademais dos

efectos no clima, a redución na placa de xeo limitarán o hábitat da fauna polar.

No acordo de París sobre o clima, de decembro de 2015, 195 países pactaron esforzarse por manter o aumento da temperatura media mundial por debaixo dos 2 graos Celsius. No entanto, os máis contaminantes- sobre todo a China, os EE.UU. e a Unión Europea, responsables da metade das emisións totais de gases de efecto invernadoiro- sigan a emitir carbono á atmosfera, o compromiso non parecerá moi firme. O Crystal Serenity e outros cruceiros continuarán probablemente a pasear polo Polo Norte durante moitos anos.

Xornal Papagaio.(2016,11) SOS! O Ártico xa é navegable. Ecoloxía.